

Faro *da* Cultura

O prisma humano en escena

Catro séculos de William Shakespeare

JOAQUIM VENTURA

Hai dúas premisas básicas para acadar a condición de escritor universal: dominio impecable da lingua e comprensión total da condición humana. E na cultura occidental e despois dos clásicos greco-latinos, se hai un autor literario pioneiro en cumprir eses dous obxectivos, en paralelo a Miguel de Cervantes, ese foi William Shakespeare, de quen tamén conmemoramos os catro séculos da súa morte.

Un dominio maxistral do inglés –non esquezamos que era a lingua popular, distinta do anglo– normando que empregaron as cortes de Londres ata Henrique VIII–, demostrado cos seus sonetos (dos cales hai versión galega feita por Ramón Gutiérrez Izquierdo), abundaría para considerar a Shakespeare entre os mellores autores da Idade Moderna europea. Pero a poesía case nunca dá para comer e como primeira profesión estable tivo a de actor.

Era aquel un momento en que para o teatro en Inglaterra comezaba un tempo de esplendor con autores de sólida formación, locais e compañías relativamente estables e unha innovación de temas –verbo do continente– grazas a emerxencia dunha burguesía comercial e ao afastamento do papado. Un teatro interclasista e popular, de repertorio, minimalista en escenografía e que collía inspiración nos modelos clásicos de Grecia e Roma.

Pechados os teatros a causa dunha peste en 1592, cando abriron dous anos despois Shakespeare pasou a asociarse coa compañía de Lord Chamberlain. Daquela faltaban autores e foi a oportunidade do actor de Stratford-upon-Avon. Encetou unha nova maneira de escribir teatro: estilo poético, enxeño e refinamento, importancia da eufonía dos versos.

Deixemos de lado a teoría conspirativa

do coñecemento da alma humana e da historia (especialmente de Inglaterra). Pero asemade, as obras de Shakespeare son espello dun momento político cínico, interesado para os poderosos, ben lonxe daquel optimismo nacional que principiara o segundo rei Tudor, Enrique VIII. Unha visión dun tempo que o dramaturgo adaptou en obras de base historicista en escenarios ingleses ou de Grecia e Roma.

Así, entre os dramas e as traxedias, atopamos o asunto da traizón e da ambición sen

mesura que levan á violencia extrema con *Macbeth*; os problemas da vellez e a ingratitud filial en *O rei Lear*; os ciúmes, en *Otelo*; a vinganza polo fratricidio en *Hamlet*; o amor imposible por rivalidades familiares en *Romeo e Xulieta*.

Obras herdeiras ás veces de dramatizacións previas ou de lendas populares, os seus personaxes adquiriron categoría de auténticos arquetipos da plural condición humana: sentimentos e accións. E cando estas tiñan por obxecto o poder e a loita por gañalo ou mantelo, Shakespeare utilizou obras de base histórica: clásica –como *Coriolano*, *Antonio e Cleópatra* ou *Xulio César*– ou inglesa –como *Henrique III* ou *Ricardo III*–. Pero para analizar as persoas do común, nada como as súas comedias: *O soño dunha noite de verán*, *As alegres comadres de Windsor* (con Falstaff, herdeiro dos bufóns), *A bestia domada*, *O mercader de Venecia* ou *Ao voso gusto*.

Aproveitador ou non (lembramos aquilo de D'Ors: “o que non é tradición, é plaxio”), William Shakespeare soubo darlles ás súas obras unha dimensión que non acadaron os seus contemporáneos nin tampouco ningún outro autor teatral de todos os tempos. Inflúiu na lingua e na linguaxe e, certamente, na forma de vernos os uns aos outros.



William Shakespeare (1564-1616).



Á esquerda: *Macbeth* e as meigas. Á dereira: *Noite de Reis* polo Centro Dramático Galego.

que sostén que Shakespeare actuou como prestamista nominal de obras de Christopher Marlowe, co argumento principal que o primeiro non tiña nin podía ter formación (histórica e literaria) dabondo como para encarar as obras que asinou. O certo é que moitas desas obras amosan un profun-

Inflúiu na lingua e na linguaxe, pero tamén na forma de vernos os uns aos outros